



É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio.

E isto é o que nos pasa a nós, que somos emigrantes, saíamos da terra ou non. O que acontece coa lingua é todo un sintoma do que estou dicindo, e até nin creo que sexa o único, pero si o máis dramático. Cántame dunha muller, amiga da nai dun alumno non moi estudoso, que se aprontou a darlle un consello: «Que non faga o parvo.

E total para que quere o teu fillo o gallego? Co gallego non pasa de Astorgal!» Como se o rapaz tivese xa feita a maleta. E, para ser de Burela a muller, aínda atinou bastante ben, cando menos en dirección Madrid, ela que nunca precisou tampouco de ir aí moi lonxe. Paréceme un exemplo elocucnte dun sentir estendido. A lingua é a primeira estrada a coller se as cousas se poñen mal e, como moi ben nunca andan tampouco, pois hai que poñerse, por se acaso, permanentemente en camiño, non sexa que quedemos atrás.

Luisa Villalta

Quen non se lembra? Eran tempos de goberno «progresista», portanto, sentido crítico, liberdades, para que? Tempos foron en que a cultura de súpeto se volveu aborrecida, mesmo triste, boa só para aqueles enerxúmenos que non sabían divertirse e tirar partido da «movida» subvencionada e proto-industrial, o que se deu en chamar a «cultureta», coas súas xentes recén empoleiradas, satisfeitas, sumisas e que, agás naquela primeira oposición á OTAN, depuxeron as súas armas críticas en favor da morna tranquilidade creativa.

Letras galegas 2024

Centro Veciñal e Cultural de Valladares



LETRAS GALEGAS 2024

Programación especial

Día 2 de xuño, ás 19:30 H.

Día 2 de xuño, ás 19:30 H.

“CON ...CERTO SON DE ACORDEÓN” Coa participación de :

Grupo de acordeóns Os Cataventos (Centro Veciñal e Cultural-Valladares)



Grupo de acordeóns Helios (SCDR Helios-Bembridge)



Grupo de acordeóns Tarataña



Organiza




Colabora



CULTUREGA

depo.gal



LUÍSA VILLALTA GÓMEZ
A Coruña (1957)-Vigo (2004)

É Luisa Villalta unha figura da literatura galega fora de catálogo?. Foi unha muller poeta do pensamento que empregaba a poesía para pensar o mundo contemporáneo?. Moitas interrogantes para unha muller rebelde, inconformista e inqueda, na busca da liberdade individual e colectiva e que a fixeron tomar posicións vitais e imaxinativas de seu, moitas veces incomprendidas e outras incomedas para que a arrodaba.

Muller multifacética que morreu moi nova, máis non por iso deixou de atender diversos xéneros literarios como a poesía, o teatro, narrativa, ensaio ou a opinión en diversos medios de comunicación ou revistas de diversa índole. Xunto a esta actividade foi mestra de lingua galega no ensino secundario e violinista da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galiza.

Como destaca a RAG, “Os acentos da súa voz, os focos da súa obra, o alento da súa escrita fan dela unha autora que sorprende na singularidade e pon de relevo, unha vez máis e fóra de estereotipos, a amplitude do campo literario que se estende en trazos de autoras únicas”.

A súa sensibilidade móvea a implicarse social e politicamente e, tamén, no activismo cultural participando en varias entidades e eventos culturais, destacando como trazo transversal na súa obra e acción o seu inequívoco compromiso feminista como o amosa no poemario O Papagaio entrado no desaparecido espazo de prostitución existente na cidade onde as imaxes de Longueira e os versos de Villalta dialogan para lles devolver a dignidade ás mulleres que o habitaron e denunciar a especulación urbanística.

Nos seus últimos anos comezou a recibir homenaxes e recoñecementos e, por exemplo, a Universidade da Coruña creou o Premio Luisa Villalta a Iniciativas Normalizadoras e a Deputación da Coruña creou o Premio Luisa Villalta de proxectos culturais pola igualdade.

Día 4 de maio, ás 19:00 H.

“OS MONIFATES”

Espectáculo para a cativada e a familia da man un músico e un artesán.



Día 5 de maio, ás 18:00 H.


“CHARAMUSCAS” Música de raíz.



“XERMÁN SON” Rock poético.

Día 11 de maio, ás 19:00 H.

“SIBILA GARCÍA” Taller infantil de debuxo co método zenTANGLE para a cativada



TARABELOS” Debulendo lendas galegas

Día 16 de maio, ás 10:00 H.

“VISITA CEP IGREXA”

Sesión “Descubrinto a Luisa Villalta en Valladares” coa visita dos cursos 4º/5º ESO CEP Igrexa.

CEP IGREXA

Día 16 de maio, ás 20:30 H.

“FOLIADA DAS LETRAS GALEGAS”

Festa das letras galegas con baile e música tradicional”



Pandereiteiras do Sobreiro (AA.VV. S. Martiño-Borreiros)



Trécolas (AA.VV. O Carballo-Sárdoma)



Pandereiteiras Faragullas (Sampaio)



Pandereiteiras Bouzacoba (AA.VV. O Freixo)



Cantadeiras do Alba e Grupo de gaitas Aturuxo (CVC Valladares)






Viaxe polo metaverso con Luísa Villalta

Guía didáctica



Os homes non teñen nada que consentir nin conceder ás mulleres: só ver, e escoitar, respectar e, por que non, aprender do que dicémos e escribemos. Oracións todas estas palabras chegan a converterse no silencio da ausencia, vólvense sen máis nun mundo verdadeiramente compartido.


Escrita e mulleres, 2003



Letras galegas 2024

Día 17 de maio, ás 18:30 H.

"PAULINA" Presentación do novo disco "Galego is not dead"



Entrega de premios:
Concurso de microrrelatos, VI Edición
Concurso de microtraballos nas artes plásticas, VI Edición

Día 18 de maio, ás 19:30 H.

"CONCRETO CORAL":

Coral polifónica Amadeus
Orfeao de Valadares-Portugal
Coral polifónica do CVC de Valadares



Día 19 de maio, ás 19:30 H.

"OS CARUNCHOS" Presentación novo disco "Unha gorxa chea de páxaros"



Día 23 de maio, ás 19:00 H.

"ANXO XOÁN RAJÓ FAZÓ", Charla "Luísa Villalta, música e a poesía na mesma persoa"



Día 24 de maio, ás 19:30 H.

"MIGUEL ANXO ALONSO DIZ" Contacontos da biblioteca-"Contos no país da choiva"



POESÍA

- Música reservada. Sada: Edicións do Castro, 1991.
- Ruído. A Coruña: Espiral Maior, 1995.
- Rota ao interior do ollo. Lisboa: Edições Tema, 1995.
- En concreto. A Coruña: Espiral Maior, 2004.
- O Papagaio. Santiago de Compostela: Laiovento, 2006.
- As palabras ingrátidas. S. de Compostela: CILEL Ramón Piñeiro, 2020.
- Pensar é escuro. Poesía reunida (1991-2004). Vigo: Galaxia, 2023.

NARRATIVA

- Silêncio, ensaíamos. A Coruña: Vía Láctea, 1991.
- Teoría de xogos. Santiago de Compostela: E. Laiovento, 1997.
- As chaves do tempo. Vigo: A Nosa Terra, 2001.
- Narrativa reunida. 1991-2001. Vigo: Xerais, 2024.

TEATRO

- "Concerto para un home só", Cadernos da EDG, nº 76. A Coruña, 1989.
- "O representante", Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 85. A Coruña, 1990.
- "O paseo das esfínxes", Cadernos da EDG, nº 88. A Coruña, 1991.
- "Os doces anos da guerra", Revista Galega de Teatro, nº 29. Vigo, 2001
- Sinfonía de escenas: obra dramática completa de Luísa Villalta. A Coruña: E. Proscritas e A. C. Alexandre Bóveda, 2018.

ENSAIO

- O Don Hamlet de Cunquero: unha ecuación teatral. S. de Compostela: E. Laiovento, 1992.
- O Outro lado da música, a poesía: relación entre ambas artes na historia da literatura galega. Vigo: ANT, 1999. Vigo: Galaxia, 2021.
- Libro das columnas. Vigo: ANT, 2005.

TRADUCIÓNS

- Pasolini, Pier Paolo (1994): Manifesto por un novo teatro. A Coruña: Cadernos da EDG.
- Maachiavelli, Niccolò (1998): A Mandrágora. Santiago de Compostela: Laiovento.

Letras galegas 2024



Día 25 de maio, ás 20:00 H.

"BEATRIZ MARTÍNEZ E LANGARIKA"



Día 26 de maio, ás 19:30 H.

"UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES" Concerto "Unha noite de amor con Lela".



Coa participación de:
Alfredo Susavila (Arranxos e piano)
Sílvia Ferre (Voz)
Ana Silva (narradora)

Día 31 de maio, ás 19:30 H.

"ARXOS IGLESIAS". Taller infantil "Debuxando poemas sobre Luísa Villalta"

POEMA CICLICO
PARA SOPRANO E CUARTETO DE CORDA

MOVIMENTOS:

- 1.º Allegro. «O océano e as ondas».
- 2.º Adagio. «A terra e as árbores»
- 3.º Scherzo. «As aves».
- 4.º Finale. «O ceu e as nubes».

Día 1 de xuño, ás 20:00 H.

"XARDÍN DESORDENADO". Cantando a poetas galegas

